

**ACTA Nº 2019/10**

**SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN**

**- SALÓN DE SESIÓNS DA CASA DO CONCELLO, VENRES 5 DE XULLO DE 2019 -**

Na casa do concello de Moeche sendo ás 18:00 horas, do día 5 de xullo de 2019 e en cumprimento do establecido polo artigo 26.4 da Ley Orgánica 5/1985, de 19 de xuño, do Réxime Electoral Xeral, baixo a presidencia da Sra. alcaldesa, reúnen os concelleiros e concelleiras que se indican, coa asistencia da secretaria, que subscribe, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, Sesión Extraordinaria do Pleno da Corporación

**PRESIDE:** MARIA BEATRIZ BASCOY MACEIRAS

**ASISTEN:**  
BNG

MAGIN FERNANDO LAGO TUIMIL  
IRIA COUCE REGO  
MIGUEL ANGEL PEDREIRA RODRIGUEZ  
CRISTINA GARCIA REY  
PP  
MARIA DEL MAR MÉNDEZ VILELA  
JUAN LOPEZ PEREZ  
NOELIA CASTRO SANDE

**AUSENCIAS:**

**SECRETARIA-INTERVENTORA**  
MARIA CONSOLACIÓN COUCE CALVO

Constátase a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente, polo que o alcalde, como Presidente, declara aberta a sesión. Procédese a tratar os asuntos incluídos na

**ORDE DO DÍA**

**1.- POSTA EN COÑECEMENTO DA CORPORACIÓN DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA EN MATERIA DE NOMEAMENTOS DE TENENTES DE ALCALDESA E DELEGACIÓNS DA ALCALDÍA**

Neste punto da orde do día dáse contas doas resolucións, ditadas pola alcaldía relativas os nomeamentos de tenentes de alcaldesa e delegacións da alcaldía, que literalmente din:

**RESOLUCIÓN**

**ASUNTO:** NOMEAMENTO TENENTES DE ALCALDESA

**EXPEDIENTE:** 2019/G003/000138

**ANTECEDENTES:**

En uso das atribucións que me confire o artigo 21.1 da Lei 7/85, de 2 de abril, de Bases de Réxime Local, así como o art. 41 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por RD 2568/1986, de 28 de novembro, en relación co expediente de designación de Tenentes de Alcalde

Constituída a Corporación en sesión extraordinaria de data 15 de xuño de 2019 e sendo necesaria a designación dos Tenentes de Alcalde por virtude do previsto no art. 20.1 a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local,

De conformidade co disposto nos arts. 21.2 da lei 7/85, de 2 de abril, art. 22 do Real Decreto Lexislativo 781/86, de 18 de abril e art. 46 do Real Decreto 2568/86, de 28 de novembro,

## VEÑO EN RESOLVER

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO:**

1.- Nomear como titulares das Tenencias de Alcaldía aos seguintes Concelleiros:

1º Tenente de Alcaldesa: Magin Fernando La go Tuimil

2º Tenente de Alcaldesa : Iria Couce Rego

3º Tenente de Alcaldesa: Miguel A. Pedreira Rodríguez

2.- Por virtude do art. 23.3 da Lei Reguladora das Bases de Réxime Local e 47.1 do Regulamento de Organización e Funcionamento das Entidades Locais, corresponderá aos nomeados substituír a esta Alcaldía na totalidade das súas funcións, pola orde do seu nomeamento, nos supostos de vacante, ausencia ou enfermidade legalmente previstos, previa expreso delegación.

3.- Notificar a presente resolución ás persoas designadas a fin de que presten, no seu caso, a aceptación de tales cargos.

4.- Remitir anuncio dos referidos nomeamentos para a súa inserción no Boletín Oficial da Provincia e publícalos igualmente no taboleiro de anuncios municipal.

5.- Dar conta da presente resolución ao Pleno na primeira sesión que se celebre.

6.- Os nomeamentos efectuados serán efectivos desde o día seguinte á data da presente resolución (salvo que se dispoña outra cousa).

## RESOLUCIÓN

**ASUNTO:** DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS DA ALCALDIA

**EXPEDIENTE:** 2019/G003/000137

## ANTECEDENTES:

En uso das atribucións que me confire o artigo 21.1 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, así como o art. 41 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por RD 2568/1986, de 28 de novembro, en relación co expediente de delegación de atribucións da Alcaldía noutros órganos.

Tras as eleccións locais do pasado día 26 de maio de 2019 e constituída a Corporación en sesión extraordinaria con data 15 de xuño de 2019

De conformidade co disposto nos arts. 43.3, 44 e 45 do Real Decreto 2568/86, de 28 de novembro, e previo informe da Asesoría Xurídica,

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO:**

PRIMEIRO. Correspóndelle á **Alcaldía**, xunto coas competencias propias e delegadas,

- A coordinación de todas as áreas de funcionamento do Concello
- A dirección xeral da xestión do conxunto das áreas de goberno e de forma mais concreta: As áreas de Persoal e Organización, Facenda, Ensino, Benestar Social,, Comunicación e Relacións Institucionais
- Todas aquelas, propias da alcaldía, que non estean atribuídas a outro membro da corporación

SEGUNDO :Efectuar as seguintes delegacións xenéricas, respecto das áreas ou materias que se especifican, a favor dos concelleiros que a continuación se indican:

**Magin Lago Tuimil .- Concellería de Obras e Servizos** coas seguintes funcións por delegación:

- Planificacións dos proxectos de obras, seguimento e control da execución dos proxectos e novas obras e seguimento das obras e infraestruturas da Deputación e da Xunta de Galicia no termo municipal, xestión do mantemento das vías e camiños municipais
- Control e xestión integral dos servizos municipais de auga, saneamento, recollida de RUS (papel, vidro, plástico,aceite. etc e limpeza de vías e zonas verdes
- Iluminación pública

**Iria Couce Rego .- Concellería de Cultura, Turismo, Lingua e Participación Veciñal**, coas seguintes funcións por delegación

- Xestión da programación cultural, promoción e seguimento da programación

da Aula TIC e da biblioteca municipal. Xestión do patrimonio cultural e dos locais sociais

- Xestión da transversalidade de normalización lingüística e deseño de accións cara á normalización da lingua
- Participación veciñal: fomento da participación, coordinación co movemento asociativo, subvencións a entidades
- Desenvolvemento da promoción dos elementos turísticos e do patrimonio histórico no marco do Proxecto Xeoparque Cabo Ortegal e coordinación con outras administracións.
- 

**Miguel A. Pedreira Rodríguez,- Concellería de Planificación territorial e Concellería de Deportes,** coas seguintes funcións por delegación

- Planificación territorial: cuestións relativas ao PXOM , coordinación e execución, e urbanismo en xeral, control e coordinación das disposicións autonómicas en materia forestal, planificación da seguridade viaria e de infraestruturas menores (sinais, mobiliario urbano, etc)
- Deportes: promoción da actividade deportiva e relación e coordinación coas entidades deportivas municipais, xestión da programación deportiva e das escolas municipais, control do mantemento das infraestruturas deportivas

**Cristina García Rey, .- Concellería de Desenvolvemento local e Medio Ambiente e da Concellería de Igualdade, Infancia e Mocidade** coas seguintes funcións por delegación

- Desenvolvemento local e Medio Ambiente: xestión e control das feiras mensuais e sectoriais e o mercado, plans de formación, programas de colaboración no desenvolvemento de sectores produtivos e actividades económicas, proxectos de voluntariado. Posta en valor do medio ambiente en coordinación con outras administracións e xestión do programa recollida de voluminosos, plásticos agrícolas e RAESS.
- Igualdade: xestión dos programas de Sementeira, actividades de conciliación, accións de fomento da igualdade e do Pacto contra a violencia de xénero, xestión da transversalidade das políticas de igualdade.
- Infancia e Mocidade: seguimento e coordinación dos acordos do CLIA e coordinación dos programas para a infancia e para a mocidade nas diferentes áreas municipais.

**Juan Carlos Rodríguez Lago.- Concellería de Patrimonio municipal** coas seguintes funcións por delegación

- Coordinación e seguimento do mantemento e conservación de maquinaria, equipos e ferramentas, edificios, instalacións municipais e parques e da subministración do material relacionado. Coordinación con outras administracións en materia

SEGUNDO. As delegacións efectuadas abarcarán as facultades de dirección, organización interna e xestión dos correspondentes servizos, con exclusión da facultade de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros.

TERCEIRO. Notificar a presente resolución ás persoas designadas a fin de que presten a aceptación de tales cargos, debendo manifestar, no seu caso, a renuncia aos mesmos, por escrito, ante esta Alcaldía.

CUARTO. Remitir anuncio das referidas delegacións para a súa inserción no Boletín Oficial da Provincia e publicalas igualmente no taboleiro de anuncios municipal.

QUINTO. Dar conta da presente resolución ao Pleno na primeira sesión que se celebre.

SEXTO. As delegacións conferidas serán efectivas desde o día seguinte á data da presente resolución (salvo que se dispoña outra cousa).

**A Corporación queda enterada**

## **2.- POSTA EN COÑECEMENTO DA CORPORACIÓN CONSTITUCIÓN DOS GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS**

Dáse conta o Pleno da corporación dos escritos presentados no Rexistro Xeral polo que se comunica a constitución dos grupos políticos municipais:

Nº rexistro.- 688/2019, data de entrada 21-06-2019.- Comunicación de constitución do Grupo Municipal do BNG, integrado por D<sup>a</sup>. Beatriz Bascoy Maceiras, D. Magin F. Lago Tuimil, D<sup>a</sup>. Iria Couce Rego, D. Miguel Angel Pedreira Rodriguez, D<sup>a</sup>. Cristina Garcia Rey e D. Juan Carlos Rodriguez Lago, nomeando como voceiro a D. Magín F. Lago Tuimil e como suplente D. Iria Couce Rego

Nº rexistro.- 700/2019, data de entrada 21-06-2019.- Comunicación de constitución do Grupo Municipal do Partido Popular, integrado por D<sup>a</sup>. Maria del Mar Méndez Vilela, D<sup>a</sup>. Noelia Castro Sande e D Juan López Perez, nomeando como voceiro a D<sup>a</sup>. Maria del Mar Méndez Vilela, e como suplente a D<sup>a</sup>. Noelia Castro Sande.

**A Corporación queda enterada**

### 3.- DETERMINACIÓN DA PERIODICIDADE DAS SESIÓNS PLENARIAS

Sometese a consideración da Corporación a proposta que se transcribe de seguido:

Visto o artigo 78.1 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, que preceptúa que son sesións ordinarias aquelas que teñen unha periodicidade preestablecida, e que dita periodicidade será fixada por acordo do propio pleno en sesión extraordinaria, que terá que convocar o o alcalde dentro dos trinta Dias seguintes ó da sesión constitutiva da Corporación e visto, igualmente, o artigo 46.2.A da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local que preceptúa: " O pleno celebrará sesión ordinaria como mínimo..... cada tres meses nos municipios de ata 5.000 habitantes...", por esta Alcaldía proponse ó Pleno do Concello a adopción do seguinte acordo:

Que o Pleno do Concello celebre sesión ordinaria o terceiro XOVES dos meses pares: Febreiro, abril, xuño, agosto, outubro e e decembro, as 20,00 horas, salvo que fose inhábil, no que se trasladará o primeiro día hábil seguinte

O Pleno, non obstante, acordará o que estime pertinente

#### **Votacións:**

Votos a favor: 9 .- 6 BNG. 3 PP

Votos en contra: 0.-

Abstencións: 0.

**En consecuencia, queda aprobada a proposta presentada**

### 4.-CONSTITUCIÓN DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Sometese a consideración da Corporación a proposta que se transcribe de seguido:

Sendo necesario e conveniente parar a bo marcha dos servizos públicos municipais de acordo cos principios de economía, celeridade e eficacia administrativas, proceder á constitución da Xunta de Goberno Local que terá por función a asistencia a Alcaldesa no exercicio das súas atribucións.

Visto o expediente instruído o efecto e no que consta Informe de Secretaría de data 28 de xuño de 2019 e de conformidade co disposto nos artigos 20.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local e 35.2.d) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, propónse o Pleno da corporación, a adopción do seguinte

## ACORDO

**PRIMEIRO.** Constituír a Xunta de Goberno Local, cuxo obxecto será a asistencia permanente ao Alcalde no exercicio das súas atribucións, así como exercer, no seu caso, as atribucións que o Alcalde ou outro órgano municipal deleguelle ou as que lle atribúan as leis.

**SEGUNDO.** A Xunta de Goberno Local estará integrada polo Alcalde, que será o seu presidente, e por 3 Concelleiros que serán nomeados libremente pola Alcaldesa como membros da mesma.

**TERCEIRO.** A Xunta de Goberno Local axustará o seu funcionamento ao disposto nos artigos 112 e 113 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, e celebrará sesión constitutiva, a convocatoria da Alcaldesa, dentro do dez días seguintes a aquel en que a alcaldesa designe os membros que a integran.

### Votacións:

Votos a favor: 6.- 6 BNG. 0 PP

Votos en contra: 0.-

Abstencións: 3.- 0 BNG, 3 PP

**En consecuencia, queda aprobada a proposta presentada**

## 5.- CREACIÓN E CONSTITUCIÓN DAS COMISIÓNIS INFORMATIVAS PERMANENTES

Sometese a consideración da Corporación a proposta que se transcribe de seguido:

Considerando necesario, para un mellor funcionamento desta Corporación proceder a constituír as seguintes Comisións Informativas Permanentes

- Comisión especial de contas

- Comisión de seguimento do PXOM

Pola presente, propónse o Pleno da Corporación a adopción do seguinte ACORDO

## **PRIMERO.-** CREACIÓN DA COMISIÓN ESPECIAL DE CONTAS

1.1.- Proceder a creación da Comisión Especial de Contas, a cal lle corresponderán tamén as funcións legalmente atribuídas a comisión informativa de facenda e estará integrada polos seguintes membros:

- Presidenta nata : Sra. Alcaldesa do Concello.
- Dous representantes do grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego
- Un representante do grupo municipal do Partido Popular

1.2.- A Comisión Especial de Contas, celebrará sesión cando sexa convocada pola Presidenta.

## **SEGUNDO.-** CREACIÓN DA COMISIÓN DE SEGUIMENTO DO PXOM

2.1.- Proceder a creación da Comisión Especial de seguimento do PXOM , que estará integrada polos seguintes concelleiros:

- Presidenta nata : Sra. Alcaldesa do Concello.
- Dous representantes do grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego
- Un representante do grupo municipal do Partido Popular

2.2.- As reunións da Comisión asistirán os membros do equipo redactor do PXOM para informar os Concelleiros dos avances dos traballos realizados

2.3.- A Comisión especial de seguimento do PXOM, celebrará sesión cando sexa convocada polo Presidente.

**TERCEIRO.-** Comunicar este Acordo os diferentes Grupos Políticos Municipais, facéndolles saber que deberán nomear o seu representante na Comisión, notificándollos por escrito no prazo de dez días dende a adopción do presente acordo

### **Votacións:**

Votos a favor: 9 .- 6 BNG. 3 PP

Votos en contra: 0.-

Abstencións: 0.

**En consecuencia, queda aprobada a proposta presentada**

## **6.-** CONSTITUCIÓN DA XUNTA DE VOCEIROS

Sometese a consideración da Corporación a proposta que se transcribe de seguido:



O artigo 20.1 c) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, autoriza aos municipios para constituír, por medio de regulamentos orgánicos, órganos complementarios aos previstos na mesma entre os cales pode considerarse a Xunta de Portavoces, que se configura como un órgano consultivo do Concello para as súas decisións políticas, institucionais e de funcionamento.

Como consecuencia, propoño o Pleno da Corporación a adopción do seguinte ACORDO

**PRIMEIRO** Proceder a constitución da Xunta de Voceiros do Concello de Moeche, que estará presidida pola Alcaldesa e integrada polos/as voceiros/as dos grupos políticos que integran a Corporación. No entanto, a Alcaldesa, poderá delegar a Presidencia, con carácter permanente ou para algunha sesión concreta, nalgún/a Tenente de Alcaldesa, nos termos previstos no artigo 21.3 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local e no artigo 43 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro.

**SEGUNDO.-** Corresponderalle a Xunta de portavoces:  
Actuar como un órgano consultivo do Concello para as súas decisións políticas, institucionais e de funcionamento.  
Coñecer as cuestións que afecten as relacións do Concello con outras administracións públicas, e daquelas outras materias que fan referencia ás relacións entre os diversos Grupos, ou entre eles e a propia Alcaldesa.

**TERCEIRO.-** A xunta de portavoces celebrará sesión cando a convoque a Alcaldesa ou Tenente de Alcaldesa en quen esta delegue, e sempre que o soliciten a 2 portavoces dos grupos municipais ou, polo menos, 1/3 dos Concelleiros da Corporación

**CUARTA.-** A Secretaria Xeral do Concello é a Secretaria da Xunta de Voceiros, podendo delegar esta función nun funcionario do Concello

**Votacións:**

Votos a favor: 9 .- 6 BNG. 3 PP

Votos en contra: 0.-

Abstencións: 0.

**En consecuencia, queda aprobada a proposta presentada**

## **7.- NOMEAMENTO DOS REPRESENTANTES DA CORPORACIÓN EN ÓRGANOS COLEXIADOS QUE SEXAN COMPETENCIA DO PLENO**

Sometese a consideración da Corporación a proposta que se transcribe de seguido:

O artigo 38 do Regulamento de Organización Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais: establece que "*Dentro dos trinta días seguintes o da sesión constitutiva, O Alcalde, convocará a sesión ou sesións extraordinarias do Pleno da Corporación que sexan precisas, a fin de resolver sobre os seguintes puntos: ..... C) Nomeamento de representantes da Corporación en órganos colexiados que sexan competencia do Pleno.*

En consecuencia, é, en cumprimento dese mandato legal, propónse o Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Nomear como representantes do Concello de Moeche nos órganos colexiados que son competencia do Pleno os seguintes concelleiros:

**Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade:** Cristina García Rey

**Consello Escolar CEIP San Ramón:** a Alcaldesa, Beatriz Bascoy Maceiras, suplente, Cristina Garcia Rey

**Consello de Dirección do Proxecto Xeoparque Cabo Ortegal:** a alcaldesa, Beatriz Bascoy Maceiras e a concelleira Iria Couce Rego

**Consello Local da Infancia e a adolescencia:** 2 concelleiros das diferentes áreas de goberno, Cristina García Rey e Iria Couce Rego, suplentes Miguel Pedreira e Juan Carlos Rodríguez Lago, representante do BNG Magin Lago Tuimil, representante do PP Noelia Castro Sande

SEGUNDO.- Dar conta do presente acordo os correspondentes órganos colexiados, para o seu coñecemento e efectos oportunos.

O Pleno, non obstante, acordará o que estime pertinente

#### **Votacións:**

Votos a favor: 9 .- 6 BNG. 3 PP

Votos en contra: 0.-

Abstencións: 0.

**En consecuencia, queda aprobada a proposta presentada**

## **8.-RÉXIME DE DEDICACIÓN DOS RETRIBUCIÓN DOS MEMBROS DA CORPORACIÓN E FIXACIÓN DAS RETRIBUCIÓN DOS MESMOS**

Sometese a consideración da Corporación a proposta que se transcribe de seguido:

O 15 de xuño de 2019, constituíuse a nova Corporación Local con motivo das Eleccións Locais celebradas o 26 de maio de 2019 Corresponde, en consecuencia

proceder a determinación do réxime de dedicación dos cargos electivos, así como as correspondentes retribucións e indemnizacións dos mesmos.

Vistos os informes de Secretaría-intervención que obran no expediente, e nos que, entre outros, se declara a existencia de suficiente consignación orzamentaria para facer fronte ao gasto das retribucións dos membros desta Corporación.

En uso da facultade que me confire o artigo 13.4 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización Funcionamento e réxime Xurídico das Entidades Locais, con base no preceptuado en, os artigos 75 e ss da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, formulo ao Pleno da Corporación a seguinte **PROPOSTA** sobre réxime de dedicación e retribucións dos membros da Corporación, indemnizacións e asistencias a órganos colexiados:

**PRIMEIRO.-** Aprobar con efectos desde o día 1 de agosto de 2019, o réxime de dedicación e retribucións dos membros da Corporación, indemnizacións e asistencias a órganos colexiados nos seguintes termos.

**SEGUNDO.-** Desempeñarán os seus cargos en réxime de dedicación parcial A Alcaldesa-Presidenta /D<sup>a</sup> Beatriz Bascoy Maceiras.

A Concelleira Delegada de Desenvolvemento local e Medio Ambiente e da Concellería de Igualdade, Infancia e Mocidade.- D<sup>a</sup> **Cristina García Rey,**

**TERCEIRO.-** Fixar o seguinte réxime de retribucións, tendo en conta que se trata de importes brutos anuais e pagadoiros en doce mensualidades:

- a) 8.400 euros/ano, corresponderán ao cargo de Alcalde/sa-Presidente/sa, o que significa un importe de 700 €/mes, cunha dedicación do 50% da xornada
- b) 4.800 euros/ano, corresponderán a Concelleira Delegada de Desenvolvemento local e Medio Ambiente e da Concellería de Igualdade, Infancia e Mocidade. o que significa un importe de 400 €/mes cunha dedicación do 50% da xornada

**CUARTO.** Solicitar ante a Tesouraría Xeral da Seguridade Social o alta de todos os membros da corporación que desempeñan os seus cargos tanto en réxime de dedicación exclusiva como parcial, asumindo o Concello as obrigas que as normas do Réxime Xeral da Seguridade Social impón ás Empresas en relación cos traballadores ao seu servizo

**QUINTO.-** Fixar o seguinte réxime de indemnizacións e asistencias:

5.1 Os membros da Corporación que non teñan recoñecida a dedicación parcial, terán dereito a percibir as seguintes asignacións:

5.1.1 Pola concorrencia efectiva a sesións de órganos de goberno do Concello, percibirán en concepto de asistencias os seguintes importes:

- Sesións plenarios: 50,00 €/sesión cun máximo de 1 sesión retribuída por mes.
- Sesións da Xunta de Goberno Local: 150 .€/sesión cun máximo de 2 sesións retribuídas por mes.
- Sesións da Comisión Especial de Contas 30,00 €/sesión cun máximo de 1 sesión retribuída por mes.
- Sesións da Comisión de seguimento do PXOM.- 30,00 €/sesión cun máximo de 1 sesión retribuída por cada 2 meses.
- Sesións da Xunta de Portavoces.- 30,00 €/sesión cun máximo de 1 sesión retribuída cada 2 meses

No caso de que non chegue a celebrarse a sesión dun órgano colexiado debidamente convocada, por falta de quórum ou calquera outra razón que o impida, pola Secretaria redactarase unha dilixencia acreditativa das razóns polas que non puido celebrarse así como dos membros do órgano colexiado presentes, tendo dereito estes a percibir a indemnización fixada en concepto de asistencia

5.2 . Cando un membro da Corporación realice comisións fora do termo municipal terá dereito a ser indemnizado mediante a percepción dunha dieta, que será a fixada polo Real Decreto 462/2002 de 24 de maio, para o grupo primeiro e que para este ano 2.011 ascenden ás seguintes cantidades

- Por aloxamento.- 102,56 €/día
- Por manutención.- 53,34 €/dia
- Dieta enteira.- 155,90 €/dia

Se no desprazamento utiliza vehículo propio indemnizaráselle a razón de 0,19 € por quilometro recorrido, contando dende o domicilio o punto de orixe ó punto de destino e retorno de aquel.

- Se realiza a viaxe en taxi, o importe de este.
- Se se verifica noutro medio de transporte público, billete de primeira clase.

- Nos casos en que o contadante opte, ó formalizar a súa conta, por xustificar gastos suplidos e percibir estes en lugar da dieta global, poderá facelo previa a correspondente aprobación de dita conta na forma establecida para a aprobación xeneral de gastos.

Así mesmo e cando para o desempeño do seu cometido específico tivera que desprazarse dentro do termo municipal poderá percibir unicamente os gastos do quilometraxe recorrido, previa aprobación da conta correspondente na forma regulamentaria para o recoñecemento de obrigacións

5.2.1 Os gastos xerados aos membros da Corporación con motivo de desprazamentos polo desempeño do seu cargo, xustificaranse mediante presentación de facturas e outros documentos acreditativos do gasto así como unha declaración xurada na que se exprese

- data do desprazamento
- Lugar
- Motivo do desprazamento
- Xestións realizadas

No caso de que os membros da Corporación opten polo cobro da quilometraxe que corresponda pola utilización de vehículo particular e ao cobro dunha dieta polos gastos que xera o desprazamento, deberán presentar, ademais da declaración xurada indicada no parágrafo anterior, unha conta na que se inclúa o nº de quilómetros realizados e a contía do do quilometraxe e das dietas a que houbera lugar, nas contías establecidas no apartado 3.2 da presente base.

**SEXTO.-** Publicar o presente acordo no Boletín Oficial da Provincia Da Coruña e no Taboleiro de anuncios deste Concello, dando traslado do mesmo á Administración Xeral do Estado e á da Comunidade Autónoma de Galicia, aos efectos previstos no artigo 65 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local -LRBRL-.

**Votacións:**

Votos a favor: 6.- 6 BNG. 0 PP

Votos en contra: 0.-

Abstencións: 3.- 0 BNG. 3 PP

**En consecuencia, queda aprobada a proposta presentada**

## 9.- RÉXIME DE CONVOCATORIA DOS ÓRGANOS COLEXIADOS

Sometese a consideración da Corporación a proposta que se transcribe de seguido:

Visto o artigo 17.3 da Ley 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, que establece, “... Salvo que non resulte posible, as convocatorias serán remitidas aos membros do rgano colexiado a través de medios electrónicos, facendo constar na mesma a orde do día xunto a documentación necesaria para a súa deliberación cando sexa posible....”

Pola presente proponse o Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

A convocatorias das sesións dos órganos colexiados serán remitidos os seus membros a través de medios electrónicos que acrediten fehacientemente a súa remisión e lectura, facendo constar na mesma a orde do día xunto coa documentación necesaria para a súa deliberación

A estes efectos, os membros da corporación facilitaran a secretaria municipal, no prazo de dez días naturais, dende a recepción da notificación do presente acordo, unha dirección electrónica habilitada, na que sexa necesario a acreditación da súa personalidade, ben mediante certificado da FNMT ou mediante a pasarela [Cl@ve](https://clave.gob.es/clave_Home/clave.html) PIN ou Clave permanente que se poden obter no seguinte enderezo [https://clave.gob.es/clave\\_Home/clave.html](https://clave.gob.es/clave_Home/clave.html) .

### **Votacións:**

Votos a favor: 9 .- 6 BNG. 3 PP

Votos en contra: 0.-

Abstencións: 0.

### **En consecuencia, queda aprobada a proposta presentada**

E, non habendo mais asuntos a tratar, por orde da Presidencia, levántase a sesión, sendo as 18:49 horas do día indicado no encabezamento da que se estende a presente acta, da que eu, secretario, dou fe.

A secretaria, Consolación Couce Calvo

A alcaldesa, Beatriz Bascoy Maceiras